

BIBLIOTECA

I.E.S.
Antón Losada Diéguez

NORMAS XERAIS

- Na biblioteca debemos **gardar silencio**.
- Manter en orde a biblioteca é unha **cousa de todos/as**, así que cando marches procura deixar a cadeira no seu sitio, as revistas no expositor...
- Non se debe deixar na biblioteca material escolar, mochilas, papeis, etc.
- Non se permite comer nin beber
- Non é lugar para formar grupos de conversa
- Os **móviles**, e calquera outro tipo de aparello electrónico deberán estar desconectados.
- Os ordenadores están para realizar traballos escolares. Non para xogar nin outros usos.
- O non cumprimento das normas xerais implica a **perda do dereito** a permanecer na sala.

SERVIZOS DA BIBLIOTECA

LECTURA E CONSULTA

- Mentres esteas na biblioteca podes consultar os libros, revistas, etc. que queiras, pero cando remates debes **deixalos no seu lugar**
- Están a disposición dos usuarios/as **tres ordenadores** para realizar buscas documentais e traballos académicos

SERVIZO DE PRÉSTAMO

- ❖ Podes levar en préstamo libros e revistas, agás o último número. **Non todos** os libros se prestan.
Para poder levarlos é necesario darllos ao **profesor/a de garda** para que rexistre o préstamo. Cando os devolvas tamén llos debes dar á persoa que nese momento se ocupe da biblioteca.
- ❖ É obrigatorio presentar o **Carné da Biblioteca ou do Centro**.
- ❖ Podes ter os materiais un máximo de **15 días**. Pasado este tempo tes que devolvelos á biblioteca ou renovar o préstamo.
- ❖ Podes ter en préstamo **3 libros**, pero pensa nos demais e non leves máis dos que poidas usar
- ❖ Se incumpres reiteradamente os prazos de devolución perderás o **dereito** a levar materiais en préstamo durante algún tempo.
- ❖ O **deterioro ou perda** dos materiais suporá a súa reposición ou abono en metálico.
- ❖ Por deterioro tamén se entende que non se deben pintar, subliñar,

ORGANIZACIÓN DOS FONDOS

Cada libro ten pegada no seu **lombo** unha etiqueta que consta de tres liñas, a primeira **numérica**, as outras dúas **alfabéticas**. Por exemplo:

946.11
VIL
his

A súa correspondencia é:

- a) C.D.U: **946.11**
- b) Tres primeiras letras do apelido do autor **VIL**, por Antón **Vilela** por exemplo.
- c) Tres primeiras letras do título **his**, por "Historia de Galiza" por exemplo.

Criterios de ordenación:

- a) Primeiramente ordénanse xuntos os libros que teñen a mesma C.D.U.
- b) Despois polo apelido do autor. Iso significa que todos os libros do mesmo autor e da mesma materia están xuntos.
- c) Finalmente polo título

C.D.U.

As 9 seccións nas que se divide a biblioteca están organizadas por materias e a cada unha delas correspóndelles un número, que é o que aparece ao principio da C.D.U:

- 0.- Obras xerais**
- 1.- Filosofía**
- 2.- Relixión**
- 3.- Ciencias Sociais**
- 5.- Ciencias puras**
- 6.- Ciencias Aplicadas**
- 7.- Belas Artes. Música. Deportes**
- 8.- Lingua e Literatura**
- 9.- Xeografía. Historia. Biografías**